

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 9 de setembro de 2022, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2022, de 29 de xullo.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xullo de 2022 ata o 2 de setembro de 2022.

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

3. Rectificación do acordo adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, punto terceiro da orde do día: "Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación PuntoGal para financiar o proxecto "Estudo do impacto PuntoGal" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

4. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0144.0
5. Aprobación do 2º proxecto modificado do investimento denominado "Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0016.0.
6. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de viarios nos lugares de Casas Novas e a Serra, viario do lugar de Piñeiro ao lugar de Igrexa, viarios entre o lugar de a Veiga e o lugar de Porto, viario no lugar de Mangoño, viario no lugar de Burrícios e viario Burrícios a Coiroa", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, co código 2020.2000.0180.0
7. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Rúas interiores en Arcai de Abaixo (Gorgullos)" do Concello de Tordoia, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0289.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

8. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio

Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xullo de 2022.

9. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2022.

10. Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2023.

11. Aprobación inicial da modificación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos (art. 35.4).

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

12. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal para financiar o proxecto " Mercado e Festa do Mar 2022 na Coruña"

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do mantemento dos postos de traballo de Teleperformance

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición dun plan sectorial para o monte galego

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para loitar contra a ocupación ilegal e mellorar a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG en defensa do servizo básico e esencial da educación pública

Moción dos Grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG en defensa da frota pesqueira e da pesca de fondo galegas

ROGOS E PREGUNTAS